



Confederación Intersindical Galega

SECCIÓN SINDICAL
CONCELLO DA CORUÑA

Ayto. de A Coruña /
Concello da Coruña
REGISTRO GENERAL / REXISTRO XERAL
ENTRADA/ENTRADA
Fecha/Data 04-06-09 14:25:25
N. Neg/Gen/N. Neg/Xer 23.830/
Código/Código RMPET018E

Roberto Tizón Miguéns con [redacted] enderezo, para os efectos de notificación, nos locais sindicais da CIG no Pazo de María Pita; na miña calidade de Secretaria da Sección Sindical da CIG no concello da Coruña

Ayto. de A Coruña /
Concello da Coruña
REGISTRO GENERAL / REXISTRO XERAL
ENTRADA/ENTRADA
Fecha/Data 04-06-09 14:25:25
N. Neg/Gen/N. Neg/Xer 23.830/
Código/Código RMPET018E

MANIFESTA:

1. Que na MXN celebrada o pasado 14 de maio o Goberno Municipal entregounos os seguintes documentos:
 - Convocatoria do proceso extraordinario de funcionarización co anexo I
 - Convocatoria Xenérica para a execución do proceso de estabilización de emprego.
2. Unha vez analizados os citados documentos propoñemos as seguintes actuacións:

Ao respecto da convocatoria do proceso extraordinario de funcionarización

1. Na presentación do documento non se debe de facer mención a que se rexe pola Convocatoria unitaria do 2008.
2. A funcionarización debe realizarse no posto do que se ocupa praza na actualidade, serva como exemplo o caso do persoal que provén da antiga Recadación Municipal para o que nalgúns casos se utiliza, no Anexo I, a denominación da categoría profesional do ano da subrogación (1987) sen ter en conta a traxectoria profesional dos últimos 22 anos (como exemplo os Axentes Executivos de Recadación) e noutros esta carreira si se ten en conta. (como exemplo os Xestores).
3. O único requisito debe ser o de prestar servizos en postos reservados a funcionarios como persoal laboral fixo e ter as titulacións requiridas para ese posto na RPT, cando esa titulación sexa habilitante para o desenvolvemento dunha profesión determinada.
4. Tendo en conta os seguintes factores:
 - Este é un proceso de funcionarización e non de oposición (punto 5º).

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA CORUÑA.

- A maioría adquiriu a condición de laboral fixo despois de superar un proceso selectivo ou por sentenza xudicial.
- Outros accederon a praza que ocupan na actualidade por procesos selectivos internos
- Neste caso non se trata de darlle a alguén un emprego fixo senón de adecuar a relación dos empregados municipais co concello en función do posto de traballo que se ven ocupando ,en algúns casos durante mais de 30 anos.

Propoñemos que o proceso selectivo consista na redacción dunha memoria de non mais de tres folios por unha cara na se explique tanto as funcións do posto de traballo como as tarefas que teña encomendadas mais a demostración de coñecemento do galego, mediante un exercicio ou a presentación de titulación acreditativa.

Este proceso vai producir alteracións na representación sindical pois moitos dos delegados do comité de empresa están neste proceso, como solución conxuntural propoñemos que se manteñan os seus dereitos de representación ate que expire o período do actual mandato.

Ao respecto do proceso de consolidación de emprego

Consideramos que se debe facilitar ao persoal que ocupa estes postos na actualidade e que teñan antigüidade anterior ao 1 de xaneiro de 2005 a formación e as titorías necesarias para que poidan afrontar este proceso coas maiores garantías de éxito posibles.

A Coruña, 4 de xuño de 2009



SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA CORUÑA.